

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 4 de agosto de 2015 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.

Pola Orde do 18 de febreiro de 2015 (DOG do 12 de marzo) convocouse concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.

En aplicación do disposto no artigo 10 da citada convocatoria, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro. Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva das prazas obtidas no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo. De conformidade co establecido no artigo 10.3, as prazas adxudicadas serán con carácter definitivo, polo que as persoas seleccionadas se deberán incorporar con data do 1 de setembro de 2015 e cesar no seu destino de procedencia o 31 de agosto dese ano.

Terceiro. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1993, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2015

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Especialidade	EOE	Nº de prazas	Aspirantes preseleccionados
Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento	A Coruña	2	Barreiro González, Pilar M. García Sánchez, Concepción



Especialidade	EOE	Nº de prazas	Aspirantes preseleccionados
Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento	Lugo	1	Guerreiro Muñoz, María
Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento	Ourense	1	Varela Blanco, Camilo
Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento	Pontevedra	1	Deserta
Discapacidade Sensorial	A Coruña	1	Varea Cascallar, María Mercedes
Discapacidade Sensorial	Ourense	1	Deserta
Discapacidade Sensorial	Pontevedra	1	Tallón Fontao, María del Carmen
Discapacidades Motoras	Lugo	1	Fernández Fernández, María Carmen
Discapacidades Motoras	Pontevedra	1	Rivas Lago, María Teresa
Audición e Linguaxe	Ourense	1	Mazaira Castro, María Jesús

